

COMITÉ DE ÉTICA DA INVESTIGACIÓN E A DOCENCIA

MEMORIA DE ACTIVIDADE

Xullo 2021 - Agosto 2025

I. O COMITÉ DE ÉTICA DA INVESTIGACIÓN E A DOCENCIA

O Comité de Ética da Investigación e a Docencia (CEID) da Universidade da Coruña (UDC) é un órgano colexiado, permanente, interdisciplinar, independente e de carácter consultivo. A súa finalidade é avaliar e garantir a adecuación dos aspectos éticos, metodolóxicos e legais da investigación e a docencia, así como promover a integridade científica e académica da UDC (*art. 1, Regulamento*).

O CEID-UD réxese polo [Regulamento do Comité de Ética da Investigación e a Docencia da UDC](#), aprobado en Consello de Goberno o 03/04/2018, modificado o 26/09/2019, o 07/02/2023 e o 06/05/2025, no que se establece a súa adscrición, composición, criterios de actuación e funcionamento.

1. Adscrición, composición e estrutura orgánica

O CEID-UDC está adscrito organicamente á Vicerreitoría con competencias en investigación e transferencia da UDC (*art. 3 Regulamento*).

A súa composición é interdisciplinar e plural, na procura de garantir a presenza de todas as ramas de coñecemento: artes e humanidades, ciencias, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas, enxeñería e arquitectura. Polo menos unha persoa das que o integran debe ter formación xurídica (*art. 5 Regulamento*).

A partir da modificación do Regulamento no ano 2023, para adecuarse ás esixencias do *Decreto 63/2013, do 11 de abril, polo que se regulan os comités de ética da investigación en Galicia*, o CEID-UDC conta cun mínimo de cinco e un máximo de quince vogais, que poderán pertencer ao profesorado, persoal investigador, estudantado de doutoramento, persoal técnico, de xestión, de administración e servizos, persoal contratado en tarefas de investigación ou membros independentes (*art. 5.2 Regulamento*), garantindo a presenza equilibrada de mulleres e homes (*art. 5.4 Regulamento*). Ademais das vogalías, a estrutura orgánica do Comité está composta por unha presidencia, unha vicepresidencia, unha secretaría e unha vicesecretaría escollidas polas vogalías en sesión plenaria por maioría simple. Son labores da presidencia ordenar a convocatoria, coordinar e dirixir as sesións do CEID-UDC e representalo institucionalmente. A secretaría encárgase da xestión e a organización administrativa do CEID-UDC (*art. 6 Regulamento*).

Nestes catro anos de funcionamento do CEID-UDC, e atendendo ao proceso de renovación periódica recollido no artigo 5.4 do Regulamento, foi mudando a súa composición nos seguintes termos:

Presidencia

- Prof. Dr. José Antonio Seoane Rodríguez (Rama: Ciencias sociais e xurídicas. Área: Filosofía do Dereito), cesa en outubro do 2021.
- Prof. Dr. Pablo Arias Rodríguez (Rama: Ciencias sociais e xurídicas. Área: Educación física e deportiva), nomeado en decembro do 2021, cesa en setembro do 2024.
- Profa. Dra. Laura Cruz López (Rama: Ciencias sociais e xurídicas. Área: Teoría e historia da educación), nomeada en outubro do 2024, cesa en xullo de 2025.
- Prof. Dr. Miguel Ángel Talavera Valverde (Rama: Ciencias da Saúde: Área: Enfermaría; Área Funcional: Terapia ocupacional), nomeado en xullo do 2025.

Vicepresidencia

- Profa. Dra. Laura Cruz López (Rama: Ciencias sociais e xurídicas. Área: Teoría e historia da educación), nomeada en marzo do 2023, cesa en outubro do 2024.
- Prof. Dr. Francisco Alonso Tajés (Rama: Ciencias da saúde. Área: Enfermaría), nomeado en outubro do 2024, cesa en xullo de 2025.
- Profa. Dra. Luisa Losada Puente (Rama: Ciencias sociais e xurídicas. Área: Métodos de investigación e diagnóstico en educación), nomeada en xullo de 2025.

Secretaría

- Dna. Araceli Sanjuán Pedreira (Servizo de Biblioteca), cesa en novembro do 2022.
- Prof. Dr. Miguel Ángel Talavera Valverde (Rama: Ciencias da Saúde: Área: Enfermaría; Área Funcional: Terapia ocupacional), nomeado en marzo do 2023, cesa en xullo de 2025.

Vicesecretaría

- Profa. Dra. Luisa Losada Puente (Rama: Ciencias sociais e xurídicas. Área: Métodos de investigación e diagnóstico en educación), nomeada en marzo do 2023, cesa en xullo de 2025.

Vogalías

- Profa. Dra. María Carolina Pereira Sáez (Rama: Ciencias sociais e xurídicas. Área: Filosofía do Dereito). Cesa en xullo do 2021.
- Dna. Anastasiia Ogneva (Rama: Ciencias sociais e xurídicas. Área: Psicoloxía evolutiva e da educación). Cesa en setembro do 2022.
- Profa. Dra. María Amalia Jácome Pumar (Rama: Ciencias. Área: Estatística e investigación de operacións). Cesa en xaneiro do 2024.
- Prof. Dr. José Antonio Seoane Rodríguez (Rama: Ciencias sociais e xurídicas. Área: Filosofía do Dereito). Cesa en outubro do 2021, novo nomeamento en marzo do 2024.
- D. Marceliano Rodríguez Rodríguez (Persoal técnico, de xestión e administración e servizos). Nomeamento en xullo do 2022.

- Prof. Dr. Daniel Jove Villares. (Rama: Ciencias sociais e xurídicas. Área: Dereito constitucional). Nomeamento en xullo do 2022, cesa en maio do 2023 e novo nomeamento en setembro do 2023 como membro independente.
- Profa. Dra. Luisa Losada Puente. (Rama: Ciencias sociais e xurídicas. Área: Métodos de investigación e diagnóstico en educación). Nomeamento en xullo do 2022.
- Prof. Dr. Miguel Ángel Talavera Valverde (Rama: Ciencias da Saúde. Área: Enfermaría; Área Funcional: Terapia ocupacional). Nomeamento en xullo do 2022.
- Profa. Dra. Teresa-Rosalía Pérez Castro (Rama: Ciencias da Saúde. Área: Enfermaría). Nomeamento en xullo do 2022.
- Prof. Dr. Pedro Marcos Reimunde Figueira (Rama: Ciencias da Saúde. Área: Ciruxía). Nomeamento en xullo do 2022.
- Profa. Dra. Lucía Núñez Fernández (Rama: Ciencias da Saúde. Área: Farmacoloxía). Nomeamento en xullo do 2022.
- Dna. Angélica Consuegra (Persoal externo: médica). Alta en xullo do 2022.
- Profa. Dra. María Teresa Seoane Pillado (Rama: Ciencias da saúde. Medicina preventiva e saúde pública). Nomeamento en marzo do 2024.

2. Funcionamento

O CEID-UDC actúa a través de pleno e comisións. O pleno reúne mensualmente agás en agosto (*art. 8.2 Regulamento*). Ademais, celebra reunións extraordinarias cando así o esixe a natureza do asunto a tratar ou o prazo para emitir o informe ou a resposta (táboa 1).

Táboa 1. Reunións do comité (xullo 2021-agosto 2025)

Ano	Ordinarias	Extraordinarias
2021	3	5
2022	11	2
2023	11	1
2024	10	4
2025	7	1

O pleno pode crear comisións para o estudo e avaliación de cuestións específicas, acordando a composición, duración, funcións, obxectivos e prazos que durará esa comisión.

As comisións estarán compostas polo menos por tres vogais e a persoa que desempeñe a secretaría. Os acordos das comisións serán ratificados polo pleno con voto favorable da maioría (*art. 8.5 Regulamento*).

O CEID-UDC poderá nomear persoas consultoras externas, expertas nunha área concreta, actuando con voz pero sen voto (*art. 8.6 Regulamento*).

II. ACTIVIDADE

1. Acreditación

En xullo do ano 2023, o CEID-UDC tramitou perante a Consellería de Sanidade a solicitude para seren recoñecido coma Comité de Ética acreditado na avaliación de proxectos de investigación invasivos, entendendo os mesmos conforme a *Lei 14/2007 de Investigación Biomédica*. A Consellería de Sanidade publica a súa resolución, de 3 de novembro de 2023 (Diario Oficial de Galicia, do 27 de novembro do 2023), pola cal recoñece ao CEID-UDC coma Comité de Ética acreditado, limitando o seu ámbito de actuación á avaliación a proxectos cuxo/a investigador/a principal pertenza á UDC e excluindo da actuación do CEID-UDC as investigacións que se leven a cabo nas instalacións e con medios dos centros do Sistema público de saúde de Galicia (SPGS), ou que traten datos de pacientes ou persoas usuarias do SPSG.

Os motivos que levaron ao CEID-UDC a cursar a solicitude de acreditación foron os seguintes:

- Dentro das funcións recoñecidas no seu regulamento, o Comité estaba a recibir para a súa avaliación proxectos de investigación de todas as áreas de coñecemento, incluíndo investigacións con seres humanos ou os seus datos como suxeitos de estudo ou participantes, como era o caso de proxectos das Ciencias da Saúde e da área xurídico social, os cales estaban regulados por distintas normativas estatais e autonómicas.
- De acordo á Lei 14/2007 de Investigación Biomédica -marco de referencia para a investigación básica e clínica, agás de ensaios clínicos con medicamentos e o implante de órganos, tecidos e células-, corresponde aos Comités de Ética a autorización para a posta en marcha de ditas investigacións “(Art. 1, e) La autorización y desarrollo de cualquier proyecto de investigación sobre seres humanos o su material biológico requerirá el previo y preceptivo informe favorable del Comité de Ética de la Investigación”.
- Por outra banda, o artigo 12 da mesma lei indica, en relación aos Comités de Ética de centros onde se realice investigación biomédica, que os mesmos “(Art. 12). ...deberán ser debidamente acreditados por el órgano competente de la comunidad autónoma que corresponda o, en el caso de centros dependientes de la Administración General del Estado, por el órgano competente de la misma, para asegurar su independencia e imparcialidad.”, e ademais o artigo 16 indica “(Art. 16). Toda investigación biomédica que comporte algún procedimiento invasivo en el ser humano deberá ser previamente evaluada por el Comité de Ética de la Investigación correspondiente del proyecto de investigación presentado y autorizada por el órgano autonómico competente”.
- Dada a definición de “procedemento invasivo” que fai a mesma lei de investigación biomédica no seu artigo 3, “toda intervención realizada con fines de investigación que implique un riesgo físico o psíquico para el sujeto afectado” e vencellado ao mesmo “Riesgo y carga mínimos: los impactos en la salud y las molestias que puedan sufrir los sujetos participantes en una investigación, y cuyos efectos sólo podrán ser de carácter

leve y temporal”, o CEID-UDC recibía proxectos para a súa avaliación cuxos procedementos se entendían de natureza invasiva.

- En xeral, recibíanse proxectos que utilizaban: datos recollidos en cuestionarios específicos; datos de estudos observacionais nos que non se realizaba nin perseguía ningunha intervención (modificación das capacidades e do estado de benestar das persoas) ou procedemento invasivo; datos de estudos nos que o procedemento realizado era limitado a riscos e cargas mínimas (como medicións, exploracións ou uso de técnicas que non supuñan unha exposición do suxeito a eventos ou procedementos distintos aos seus hábitos, ou que modificaran a súa normalidade). Noutros casos os obxectivos das investigacións dos proxectos recibidos podían non ser considerados de tipo sanitario, aínda que o seu contexto incluían a avaliación funcional ou aptitude física, a educación para a adquisición de hábitos saudables, ou do rendemento físico-deportivo.
- Porén, nalgúns outros proxectos, os suxeitos de estudo eran persoas sometidas a unha observación ou procedemento invasivo – nalgún caso de risco mínimo – cuxas características técnicas entran dentro do ámbito de competencias e formación científica dos membros integrantes do CEID-UDC.

Co recoñecemento acadado polo CEID-UDC, como Comité acreditado pola Consellería de Sanidade, habilítase a posibilidade de dar servizo a unha importante cantidade de grupos de investigación e investigadores e investigadoras individuais da UDC, á marxe de proporcionar maiores garantías xurídicas á institución e ao seu persoal investigador.

2. Avaliación e emisión de informes sobre proxectos e traballos de investigación

Informar sobre a adecuación ética, metodolóxica e legal dos proxectos e traballos de investigación (*art. 4.2.a Regulamento*) é, cuantitativamente, a función principal do CEID-UDC. Ao longo destes catro anos, constatouse o incremento do número de proxectos e traballos de investigación para seren avaliados. Ademais destas solicitudes escritas formais, aumentou o número de consultas recibidas e respondidas por correo electrónico, telefonicamente ou en reunión presencial.

2.1. Proxectos e traballos de investigación recibidos

Na táboa 2 amósase o número total de solicitudes de avaliación de proxectos recibidas por ano. Apréciase un incremento que duplica as solicitudes coincidindo coa acreditación en novembro de 2023.

Táboa 2. Solicitudes presentadas validamente (de xullo 2021 a agosto 2025)

ANOS	PROXECTOS AVALIADOS E INFORMADOS
2021	20
2022	40
2023	30
2024	67
2025	31
2021-2025	188

O incremento de solicitudes de avaliación do 123%, rexistrado en 2024, está intrinsecamente relacionado coa habilitación pola Consellería de Sanidade como Comité de Ética acreditado conforme esixe a *Lei 14/2007 de Investigación Biomédica* (Resolución do 3 de novembro de 2023, DOG 27/11/23). Na táboa 3 pódese observar esta tendencia, sendo as solicitudes de avaliación da rama de coñecemento de Ciencias da Saúde as que máis se incrementaron, pasando de 21 en 2022, a 8 en 2023 e 33 en 2024. A baixada apreciada entre 2022 e 2023 está relacionada co número de proxectos declarados non avaliábeis pola falta de competencia do CEID-UDC en proxectos invasivos.

Táboa 3. Solicitudes por rama de coñecemento (xullo de 2021-xuño de 2025)

Rama de coñecemento	2021		2022		2023		2024		2025		Total	
	n	%	n	%	n	%	n	%	n	%	n	%
Ciencias							1	1,5	1	3,2	2	1,1
Ciencias da saúde	12	60	21	52,5	8	26,7	33	49,2	12	38,7	86	45,7
Ciencias xurídicas e sociais	6	30	17	42,5	15	50	32	47,8	17	54,9	87	46,3
Enxeñaría e Arquitectura	1	5	1	2,5					1	3,2	3	1,6
Outros	1	5	1	2,5	7	23,3	1	1,5			10	5,3
Total	20	100	40	100	30	100	67	100	31	100	188	100

Tamén se pode apreciar na táboa 3 o incremento nun 113% de solicitudes do ámbito das ciencias xurídicas e sociais entre 2023 e 2024. Pode gardar relación coa Instrución 4/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e co Acordo da Comisión de Valoración de Investigacións (de decembro de 2023), nos que se esixe contar cun informe favorable dun comité de ética para autorizar a realización de estudos no ámbito educativo dependente da Xunta de Galicia. Isto tamén pode explicar o incremento de solicitudes de traballos fin de grao e traballos fin de mestrado (TFG/TFM) e teses de doutoramento de Ciencias da Educación.

Desde a implantación do formulario de solicitude en liña, no mes de novembro de 2023, habilitouse un campo para que as persoas investigadoras indicaran o tipo de proxecto ao cursar a súa solicitude de avaliación polo CEID-UDC. Non temos datos suficientes para establecer unha comparativa, aínda que podemos observar que en 2024 e no primeiro semestre de 2025 a porcentaxe de TFG/TFM e de teses doutorais avaliadas foi importante (táboa 4).

Táboa 4. Tipoloxía de proxecto ou traballo de investigación

Ano	Total	TFG/TFM		Tese		Proxecto		Outro	
		n	%	n	%	n	%	n	%
Nov-dec 2023	8	0	0	6	75	2	25	0	0
2024	67	20	29,8	15	22,4	27	40,3	5	7,5
Xan-ago 2025	31	4	12,9	13	41,9	12	38,7	2	6,5

2.2. Avaliación e informe

O proxecto ou traballo de investigación sometido a avaliación do CEID-UDC cualifícase emitindo un dos seguintes informes:

- **Informe favorable.** Implica a avaliación positiva dos aspectos éticos do proxecto ou traballo de investigación. Nalgúns casos, este informe vai acompañado dun anexo con recomendacións que, a criterio do CEID-UDC, melloran o proxecto presentado.
- **Informe non favorable, require revisión.** Nesta categoría de informe inclúense os anteriormente denominados **Informes favorables condicionados**. Emítense cando o CEID-UDC estima que un proxecto ou traballo de investigación non cumpre os requisitos éticos esixíbeis e que este incumprimento pode ser emendado. Neste caso, o CEID-UDC require á persoa solicitante a rectificación das deficiencias mediante a achega de documentación adicional, indicando un prazo máximo de dous meses desde o día seguinte á data de sinatura do informe. A persoa solicitante xunta un documento coas respostas a cada un dos puntos do informe emitido polo CEID-UDC. Esta situación é bastante habitual, polo que o traballo de avaliación aumenta considerablemente ao producirse unha dobre revisión.
- **Informe desfavorable.** Á vista da documentación presentada, o CEID-UDC decide se foron emendadas as deficiencias e se compren os requisitos éticos esixíbeis. En caso afirmativo, emite o correspondente informe favorable; en caso negativo, un desfavorable.

Antes de emitir un informe desfavorable, o CEID-UDC adoita orientar á persoa solicitante co fin de mellorar a solicitude. Este labor adicional á avaliación formal e a deliberación presencial no pleno desenvólvese mediante **comunicacións** electrónicas ou entrevistas persoais.

Por último, o CEID-UDC pode emitir dous tipos de declaracións: **non avaliable** ou **exento de avaliación**. Ditamínase que un proxecto non é avaliable nas seguintes situacións: a) cando se presenta unha solicitude incompleta, xeralmente por falta de documentación ou ante a presenza deficiencias relevantes; b) cando a investigación xa foi iniciada antes de contar cun informe favorable; c) cando a investigación se desenvolve fóra do territorio estatal; d) cando o CEID-UDC non ten competencias para someter un proxecto a avaliación.

A decisión é adoptada polo pleno do CEID-UDC tras un proceso de deliberación. Durante este cuatrienio todas as decisións do Comité foron adoptadas por unanimidade. Na seguinte táboa recóllese o número de informes, declaracións ou comunicacións emitidas polo Comité en primeira e segunda avaliación, segundo as solicitudes recibidas por ano. Por exemplo, das 20 solicitudes de 2021, en primeira avaliación emitíronse 3 informes favorables, 8 non favorables,

5 non avaliábles, 1 exención e 3 comunicacións. Sometéronse a unha segunda avaliación 10 solicitudes, das cales a metade foron favorables (táboa 5).

Táboa 5. Tipos de informes emitidos


Informes	xull-dec 2021				2022				2023			
	1ª aval.		2ª aval.		1ª aval.		2ª aval.		1ª aval.		2ª aval.	
	n	%	n	%	n	%	n	%	n	%	n	%
Favorable	3	15	5	50	3	7,5	14	53,8	3	10,0	13	92,9
Non Favorable	8	40			19	48	2	7,7	17	56,7		
Desfavorable							3	11,5	2	6,7	1	7,1
Non avaliable	5	25	1	10	15	38	4	15,4	8	26,7		
Exento	1	5										
Comunicación	3	15	4	40	3	7,5	3	11,5				
Total	20		10		40		26		30		14	

Informes	2024				xan-ago 2025			
	1ª aval.		2ª aval.		1ª aval.		2ª aval.	
	n	%	n	%	n	%	n	%
Favorable	8	11,9	44	95,7	9	29	11	84,6
Non Favorable	54	80,6			16	51,6	1	7,7
Desfavorable			2	4,3				
Non avaliable	3	4,5			3	9,7		
Exento	2	3,0						
Comunicación					3	9,7	1	7,7
Total	67		46		31		13	

A táboa 5 permite observar varias cuestións:

- O labor do CEID-UDC incrementouse notablemente no ano 2024 (gráfica 1).

Gráfica 1. Informes emitidos en primeira e segunda solicitude por ano



- Reducíronse o número de solicitudes non avaliábles. A porcentaxe máxima deste tipo de declaracións obtívose en 2022 cun 28,8% de proxectos non avaliábles sumando a

primeira e segunda solicitude. En 2024 descendeu drasticamente ata o 2,7%. Isto correspóndese, ademais, co incremento de informes favorables en primeira avaliación. Responde a varios motivos, por unha banda, porque o CEID-UDC obtivo a acredición para avaliar proxectos en saúde que incluían protocolos de natureza invasiva, pero tamén porque mellorou a presentación das solicitudes, en boa medida, grazas á labor pedagóxica do Comité e á publicación de guías e protocolos de orientación e axuda.

- En clara relación co anterior, *incrementáronse os proxectos avaliados favorablemente*, na primeira solicitude (o 29% en 2025). Obsérvase tamén como o habitual é que os proxectos que realizan unha segunda solicitude obteñen un informe favorable. Este dato tamén foi mellorando (50% en 2021, 53,8% en 2022, 92,9% en 2023 e 95,7% en 2024).
- Aínda así, *é habitual obter un informe non favorable na primeira avaliación*, pero esta tendencia está a reducirse. Así pasamos do 80,6% en 2024 ao 51,6% en 2025.
- *É testemuñal o número de proxectos con informe desfavorable*: 4,5% en 2022, 6,8% en 2023 e 1,8% en 2024.

3. Consultas atendidas

No exercicio da súa función consultiva en materia de integridade científica e académica (*arts. 1 e 4.2.c do Regulamento*), o CEID-UDC atendeu diversas consultas relativas a cuestións éticas da investigación (*art. 4.2.d do Regulamento*).

Obsérvase un crecemento significativo e sostido no número de consultas recibidas anualmente, formuladas maioritariamente por correo electrónico: 12 entre setembro e decembro de 2021, 15 en 2022, 25 en 2023, 93 en 2024 e 60 ata agosto de 2025). Este incremento reflicte un recoñecemento crecente do papel do CEID-UDC como órgano de referencia nesta materia, así como unha maior preocupación e sensibilización da comunidade universitaria pola ética e a integridade científica.

A maior parte das consultas foron realizadas por **persoal investigador e por estudantes** de TFG ou TFM. Os principais motivos estiveron relacionados co procedemento de avaliación ética e documentación requirida, e tamén sobre as seguintes cuestións: a necesidade de contar cun informe favorable dun comité de ética para levar a cabo a investigación, en función do tipo de estudo; a competencia do CEID-UDC para avaliar determinadas investigacións, especialmente no ámbito de Ciencias da Saúde; a responsabilidade no tratamento de datos; a garantía xurídica ao respecto dos principios éticos cando se usan plataformas distintas as ferramentas institucionais; o desenvolvemento de proxectos internacionais; ou a obriga de contar cun *Data Management Plan*, entre outras. Unicamente recibimos unha queixa relativa a un informe non favorable emitido polo CEID-UDC, na que se solicitou a fundamentación do criterio de validez metodolóxica empregado.

Ademais da atención por correo electrónico, mantivéronse reunións presenciais e virtuais co obxectivo de orientar sobre o cumprimento de principios éticos, especialmente en casos de informes non favorables.

Cómpre salientar outras consultas e solicitudes de colaboración remitidas por parte de diversos **órganos da UDC e cargos de centros**. Así, ademais da Vicerreitoría de Investigación e

Transferencia, como principal interlocutora, o CEID-UDC respondeu, a través de correo electrónico ou mantendo reunións presenciais, solicitudes de: a *Secretaría Xeral*; a *Vicerreitoría de Igualdade e diversidade*; a *Vicerreitoría de Divulgación, cultura e deporte*; o *Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC)*; o *Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA)*; a *Facultade de Ciencias da Educación*; e a *Facultade de Socioloxía*. As consultas abranguen temáticas diversas, como: a pertinencia dun convenio; a necesidade de que os centros contén cunha comisión de ética para dar cumprimento a esixencias establecidas pola Xunta de Galicia; a posibilidade de exención de avaliación ética en certas investigacións; o acompañamento na creación do Comité Ético de Experimentación Animal (CEEAA-CICA); o uso das listas de distribución da UDC para difundir investigacións; a idoneidade de aplicar enquisas en aula con contidos sensibles; e o requisito de garantir a validez metodolóxica como criterio ético fundamental nos proxectos de investigación.

Finalmente, destacar tamén a participación do CEID-UDC no equipo de traballo para a renovación do *selo de excelencia HRS4R*, avaliado positivamente pola Comisión Europea en novembro de 2022.

As consultas recibidas constitúen unha fonte de información clave para coñecer o grao de comprensión dos requirimentos éticos entre a comunidade investigadora e detectar necesidades formativas. Con base a esta análise, elaboráronse guías e protocolos orientados a mellorar o deseño ético de proxectos de investigación. No seguinte apartado, detállanse as actuacións realizadas nesta liña.

4. Guías, protocolos e modelos elaborados e actualizados para orientar o cumprimento de requisitos éticos

Coa finalidade de asesorar á comunidade universitaria da UDC, garantir e fomentar a integridade científica e o respecto da ética da investigación, así como de facilitar os procesos de solicitude de informe para o desenvolvemento de proxectos e traballos de investigación, o CEID-UDC elaborou e/ou actualizou os seguintes documentos, en cumprimento dos *artigos 1, 2, 4.2.c, d e f do Regulamento*:

- ***Modelo normalizado de proxecto ou traballo de investigación***. Elaborado en 2023 e actualizado en 2025 para integrar as decisións derivadas da fundamentación ética dos criterios de avaliación. A súa creación responde á necesidade de garantir a calidade, coherencia e adecuación ética dos proxectos sometidos a avaliación. Este instrumento funciona como guía pedagóxica cun triplo obxectivo: orientar a elaboración dos proxectos conforme aos criterios éticos esixibles; facilitar e axilizar o proceso de avaliación; estandarizar os contidos mínimos esixidos, co propósito de mellorar a calidade das solicitudes e incrementar a emisión de informes favorables.
- ***Fundamentación ética dos criterios de avaliación de proxectos e traballos de investigación*** (2025). Resultado dun proceso dialóxico e colexiado entre os membros do CEID-UDC, iniciado en decembro de 2024 e culminado coa súa aprobación pola Comisión de Investigación da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia en maio de 2025. O

documento busca promover a comprensión e garantía dos seguintes principios: relevancia social e científica, validez metodolóxica, balance risco-beneficio favorable, xustiza e equidade na selección das persoas participantes, e respecto polas persoas. Está dispoñible na Web do Comité na pestana de [Ética da investigación](#).

- **Actualización do procedemento de avaliación de proxectos e traballos de investigación.** A primeira actualización foi no 2023, no proceso de solicitude de acreditación ante a Consellería de Sanidade. Incorpóranse novas modificacións en 2025 derivadas do proceso dialóxico de consenso sobre os criterios éticos. Un dos cambios substanciais foi complementar o proceso, engadindo a fase de solicitude de revisión e de comunicación de finalización do estudo. Foi aprobado pola Comisión de Investigación en maio de 2025 e está dispoñible na Web do CEID-UDC nesta [ligazón](#).
- **Sistematización do proceso de solicitude** de avaliación mediante un **formulario electrónico**, operativo desde novembro de 2023 e actualizado en xuño de 2025. Está accesible na Web do CEID-UDC dentro da pestana de [procedemento de avaliación](#).

No marco da última actualización do procedemento de avaliación e do formulario de solicitude:

- Elimínouse a obriga de presentar a antiga listaxe de verificación substituída por unha **rúbrica de autoavaliación** (2025).
- Creouse un **modelo de solicitude de avaliación** (2025).
- Substituíuse a esixencia de informe de seguimento anual pola **comunicación de finalización da investigación** (2025), para a cal se facilita un modelo.

Estes tres documentos están dispoñibles no apartado da Web do CEID-UDC de [Modelos e guías](#).

- **Actualización da guía para a elaboración do Documento de información, Compromiso de confidencialidade e Consentimento informado** para participantes en proxectos e traballos de investigación (2025). Ademais, elaborouse un documento explicativo e unha árbore de decisións para orientar a solicitude de consentimento informado no caso de menores de idade (2024). Estes dous documentos están dispoñibles no apartado da Web do CEID-UDC de [Modelos e guías](#).
- **Actualización do Regulamento do CEID-UDC** para incorporar no articulado a posibilidade de presentar un recurso de alzada contra as resolucións do CEID-UDC. Foi aprobado por Acordo do 6 de maio de 2025 do Consello de Goberno.

5. Accións formativas e de difusión

En colaboración co CUFIE e a Escola Internacional de Doutoramento da UDC, o CEID-UDC participou no *Plan de apoio ao doutoramento e á investigación* mediante a organización do **Curso de introdución á ética da investigación** desenvolvido nas edicións 2021/22 (coa participación do Prof. Dr. Pablo Arias, a Profa. Dra María Rovira e Anastasia Ogneva) e 2022/23 (coa intervención do Prof. Dr. Daniel Jove, Profa. Dra. Luisa Losada e Profa. Dra. Ana Lista).

Ademais, membros do CEID-UDC colaboraron en accións formativas específicas e actividades de orientación sobre ética aplicada á investigación:

- O profesor Francisco Tajés imparte anualmente o seminario “Cumprimento dos requisitos éticos dos traballos de fin de grao”, nos Graos da Facultade de Enfermaría e Podoloxía
- A Profa. Dra. Luisa Losada desenvolveu o seminario “A ética na investigación e a contribución dos Comités de Ética” incluído nas actividades formativas 2024-2025 do Programa Oficial de Doutoramento en Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar, en outubro de 2024.

O CEID-UDC tamén promoveu a difusión das súas funcións e actuacións a través das seguintes accións:

- O Prof. Dr. Pablo Arias participou na *“Xornada Interuniversitaria de Integridade Académica”*. Facultade de Ciencias da Educación, novembro de 2023.
- No marco da creación da Comisión de ética e mediación da Facultade de Ciencias da Educación (xaneiro de 2024), o Prof. Dr. Pablo Arias mantivo unha reunión coa devandita comisión co obxectivo de coñecer as súas funcións e competencias, así como delimitar a actuación de cada órgano.
- A Profa. Dra. Ana Lista e a Profa. Dra. Laura Cruz presentaron o CEID-UDC na reunión da Comisión de Investigación o 18 de marzo de 2025, co obxectivo de dar a coñecer e aprobar o novo procedemento e criterios de avaliación ética.
- A Profa. Dra. Teresa Seoane asistiu á *Xornada sobre aspectos éticos da investigación biomédica*, organizadas polo instituto da saúde Carlos III (ISCIII), 12-13 novembro 2024
- O Prof. Dr. Miguel Ángel Talavera participou como moderador dunha mesa redonda nas *Xornadas de Bioética narrativa*, organizadas pola Área Sanitaria de Ferrol, 18 outubro.

6. Actualización da páxina Web do CEID-UDC

A páxina Web do CEID-UDC (<https://www.udc.es/gl/ceid/>) constitúe unha ferramenta fundamental para garantir a transparencia, facilitar o acceso á información e apoiar á comunidade universitaria no cumprimento dos requisitos éticos da investigación. Conscientes da importancia deste recurso como canle principal de comunicación e primeiro punto de contacto co Comité, unha das tarefas acometidas neste período foi a súa revisión e actualización integral, co obxectivo de mellorar a claridade, accesibilidade e utilidade dos contidos. As melloras máis salientables incluíron:

- Claridade e reorganización da estrutura, mediante a creación ou revisión dos seus apartados:
 - O CEID-UDC
 - Composición.
 - Memorias.

- Ética da investigación.
- Procedemento de avaliación:
 - Formulario de solicitude.
 - Contido da solicitude (inicial e, no seu caso, de revisión).
 - Avaliación e informes (explicación dos tipos de informes emitidos polo CEID-UDC).
 - Finalización da investigación (obrigas de comunicación ao CEID-UDC da persoa investigadora principal).
 - Non avaliable (situacións nas que o CEID-UDC emite esta declaración).
- Calendario e prazos: data das reunións e prazos a ter en conta.
- Modelos e guías.
- Regulamento e normativa.
- Ligazóns de interese.
- Mellora da accesibilidade e actualización dos documentos, destacando:
 - A creación dun apartado prioritario sobre Ética da investigación, que recolle tanto o código ético da UDC como os criterios de avaliación ética do CEID-UDC.
 - A recompilación de guías, modelos e protocolos nun espazo único e claramente identificado.
- Simplificación da linguaxe, adaptándoa ao formato e estilo Web.
- Uniformización do estilo visual e textual, para garantir unha experiencia de navegación coherente e intuitiva.

7. Colaboración con outros órganos e entidades

A colaboración con outros órganos e entidades foi clave para reforzar a actuación do CEID-UDC neste período, favorecendo unha resposta coordinada ás necesidades da comunidade universitaria e unha maior coherencia institucional. Entre as principais actuacións destacan:

- **Coordinación coa Delegada de Protección de Datos** con quen se mantiveron reunións para consensuar o criterio sobre a responsabilidade no tratamento de datos en proxectos de investigación realizados por membros da UDC. A Conferencia de Reitores e Reitoras das Universidades Españolas (CRUE) publicou unha guía na que se determina que esta responsabilidade recae na institución, sendo o/a investigador/a principal (IP) responsable delegado ou específico. Porén, dado que esta consideración non está exenta de problemas por non recoñecerse esta figura na normativa vixente, acordouse que a UDC será responsable cando os datos estean vinculados ás súas funcións (matrícula, nóminas...), mentres que a/o IP será responsable nos proxectos de investigación ao ser quen define fines e medios do tratamento. Esta decisión reflectiuse na guía para a elaboración da folla informativa e consentimento informado e no modelo normalizado

de proxecto. Nas reunións tamén se estableceu unha canle estable de colaboración entre o CEID-UDC e a Delegada de Protección de Datos da UDC.

- **A incorporación do CEID-UDC á Red de comités de ética de las universidades y organismo públicos de investigación de España** en marzo de 2024. Ademais, o CEID-UDC participou no *XIII Encontro da rede* (Alcalá, maio de 2024) a través da representación da Profa. Dra. Luisa Losada e da Profa. Dra. Teresa Pérez. Non se puido asistir ao *XIV Encontro* (Girona, 2025) por falta de dispoñibilidade dos membros do Comité.
- **Colaboración coa Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte** co obxectivo de regular o uso das listas de distribución da UDC para a difusión de investigacións entre a comunidade universitaria. Acordouse restrinxir este uso ás investigacións que contén co informe favorable dun comité de ética.
- **Diálogo co Comité de Ética da Investigación con Medicamentos de Galicia** (CEIm) e o **Comité de Ética da Investigación Clínica** (CEIC) para delimitar as competencias do CEID-UDC no ámbito da saúde. No marco desta colaboración bidireccional o comité territorial tamén contacta co CEID-UDC cando considera que un proxecto pode ser avaliado por este órgano.

8. Traballo en curso

8.1 Protocolo de avaliación ética nos Traballos de Fin de Grao e Mestrado

A partir da experiencia piloto desenvolvida na Facultade de Enfermaría e Podoloxía co Protocolo de requisitos éticos dos TFG (aprobado pola da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente no ano 2019), e co obxectivo de ampliar o ámbito de actuación do CEID-UDC ao eido da docencia, así como de axilizar a avaliación ética dos traballos académicos, avanzouse na elaboración dun procedemento específico no que se diferencian seis escenarios posibles, en función da implicación ética do traballo. Esta ampliación da actividade do Comité responde á vontade de promover a ética como criterio de calidade, tanto na investigación como na docencia, conforme ao disposto nos *artigos 4.b e 4.e do Regulamento do CEID*.

Este protocolo fomenta a implicación directa do persoal titor dos TFG e TFM e/ou doutros órganos dos centros, na supervisión da adecuación ética dos traballos, promovendo unha cultura de responsabilidade ética no ámbito académico desde as etapas iniciais da formación investigadora.

8.2 Microcredencial en Ética da investigación

Finalmente, nesta etapa iniciouse o deseño dunha microcredencial sobre ética da investigación (6 ECTS), co obxectivo de ofrecer unha formación estruturada, accesible e recoñecida institucionalmente a partir do curso 2025-2026. Esta iniciativa busca reforzar as competencias éticas en investigación do estudiantado de grao e mestrado e o persoal investigador en formación, así como de calquera outro membro do persoal docente e investigador da UDC e outras institucións ou organismos de investigación.